Concello de Lourenzá
Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo
Tlf: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272

# BANDO

**DONA Mª EMMA ALVAREZ CHAO, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá,**

**FAI SABER:**

## AXUDAS AO SECTOR COMERCIANTE, RETALLISTA E ARTESANAL

Segundo a Orde do 30 de Xaneiro de 2015, establécense as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a mellora da imaxe, modernización, establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización no sector comerciante retallista e artesanal galego.

**Beneficiarios**:

- **Comerciantes retallistas**
  - Acondicionamento do local comercial
  - Medidas orientadas á mellora da imaxe exterior e adquisición de moblaxe e equipamento dedicado ao desenvolvemento da actividade comercial e para uso exclusivo na superficie de venda.
- **Comerciantes retallistas e Titulares de obradoiros Artesanais**
  - Ferramentas ou programas informáticos que melloren a xestión do establecemento
  - Desenvolvemento e implantación de sistemas de empaquetado e etiquetaxe dirixido a mellorar a loxística e a comercialización do produto e o deseño da súa presentación.
  - Novos sistemas de comercialización que combinen o comercio online e offline, poñendo á disposición dos clientes recursos tecnolóxicos, así como a implantación e actualización de páxinas web ou aplicacións para dispositivos móbiles, dirixidas a mellorar a comercialización dos produtos e que conten con tenda online e pasarela de pagamento.
  - Novos sistemas de comercialización e información ao consumidor que impliquen a utilización das redes sociais para a venda
- **As federacións de comerciantes sen fins de lucro, que estean legalmente constituídas e cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia**
  - Para o desenvolvemento do m-commerce, aplicacións informáticas (Apps) e webs para teléfonos móbiles. No deseño incluirase como mínimo: deseño gráfico da aplicación, desenvolvemento e a publicación nas plataformas, así como os idiomas. Deberán incluír actividades de promoción, publicidade, ofertas, etc.
- **As asociacións profesionais de artesáns de Galicia legalmente constituídas**

**Prazo de presentación de solicitudes: 11/03/2015**

**O que se fai público para xeral coñecemento.**

Lourenzá, 19 de Febreiro de 2015.

A Alcaldesa

Asdo.: Mª Emma Alvarez Chao